

UNHA APROXIMACIÓN ÁS RELACIÓNIS COMERCIAIS DE GALICIA E CHINA

Xulio RÍOS PAREDES

*Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional
-IGADI-*

Faise unha presentación dos datos e unha reflexión sobre o comercio de Galicia con China nos anos 1991-94. O dinamismo dos mercados asiáticos xustifica unha maior vixianza deste comercio, no que China supón un tercio con tendencia ascendente, un salto moi brusco no último ano e moi deficitario para Galicia. Chámase a atención sobre o interese estratéxico deste comercio.

Non é necesario convencer a ningúén do dinamismo dos mercados asiáticos. Nos últimos anos protagonizan un crecemento económico que moitos analistas non dubidan en cualificar como asombroso.

Ademais de Xapón e Taiwán, China (ou xa China-Hong Kong, tendo en conta a próxima devolución do enclave británico á soberanía chinesa prevista para o 1.1.97) constitúe un mercado de importancia capital. Non só polas súas dimensións demográficas (a quinta parte da poboación mundial), tamén pola necesidade de prever as consecuencias dunha maior integración rexional na zona para algúns sectores productivos de Galicia.

¿Cal é a situación actual de Galicia en relación a este mercado?

Partindo da análise dos intercambios comerciais efectuados no período comprendido entre 1991 e 1994, ámbolos dous inclusive, poderíamos concluir as seguintes características principais:

1. En canto á súa importancia.

Se observamos o cadro 1A decatarémonos en primeiro lugar da importancia exportadora do Loxano Oriente (1) en relación ó conxunto do comercio exterior galego. Dun censo de 800 empresas exportadoras, 10 teñen como cliente a China e 12 a Hong Kong (2).

CADRO 1.A.

Porcentaxe do mercado do Loxano Oriente no comercio exterior de Galicia.

ANO	IMPORTACIÓNS	EXPORTACIÓNS
1991	1.57	2.29
1992	2.60	2.41
1993	1.83	2.12
1994	1.98	2.95

Fonte: ICEX.

A efectos comparativos cómpre significar a relación existente coa evolución doutros mercados, igualmente novos. Ben ilustrativa, no cadro 1B observamos a evolución importadora e exportadora do intercambio comercial de Galicia cos PEKO (países de Europa Central e Oriental). (3)

CADRO 1.B.

Porcentaxe do mercado PEKO no comercio exterior de Galicia.

ANO	IMPORTACIÓNS	EXPORTACIÓNS
1991	0.31	0.36
1992	0.31	0.15
1993	0.26	0.18
1994	0.23	0.49

Fonte: ICEX.

A porcentaxe que China ocupa nesa zona (cadro num. 2) mantén unha tendencia claramente ascendente, máis da terceira parte do total é abrumadoramente importadora, se ben en 1994 produciuse un salto espectacular no ámbito exportador.

CADRO 2.

Porcentaxe de China no mercado do Loxano Oriente.

ANO	IMPORTACIÓNS	EXPORTACIÓNS
1991	21.60	---
1992	23.46	---
1993	26.49	0.81
1994	37.39	7.30

Fonte: ICEX.

Se incluímos a porcentaxe representada por Hong Kong (cadro num. 3) o resultado implica unha suma porcentual anual de cinco puntos nas importacións, cantidade que se dobra en 1994, aproximándose á metade do total. A importancia exportadora é cada vez más significativa.

CADRO 3.
Porcentaxe da Área China - Hong Kong no Leste do Pacífico.

ANO	IMPORTACIÓNS	EXPORTACIÓNS
1991	23.50	4.30
1992	28.07	11.20
1993	33.76	5.83
1994	44.91	15.05

Fonte: ICEX.

Unha visión global da evolución experimentada nos últimos catro exercicios atopámola nos cadros num. 4, 5, 6 e 7 que reproducimos a continuación.

CADRO 4.

Comercio exterior de Galicia con China. Exercicio 1991 (Valor en millóns de pesetas).

PAÍS	IMPORTACIÓNS	EXPORTACIÓNS	SALDO
TOTAL	420.583,198	265.588,698	- 154.994,5
LONXANO			
ORIENTE	6.606,854	6.096,501	- 510,353
CHINA	1.421,911	0,609	- 1.421,302
HONG KONG	135,612	255,188	119,576
CHINA			
HONG KONG	1.557,523	255,878	- 901,645

Fonte: ICEX.

CADRO 5.

Comercio exterior de Galicia con China. Exercicio 1992 (Valor en millóns de pesetas).

PAÍS	IMPORTACIÓNS	EXPORTACIÓNS	SALDO
TOTAL	437.405,614	276.159,307	- 161.246,307
LONXANO			
ORIENTE	11.449,883	6.690,150	- 4.759,733
CHINA	2.654,086	9,178	- 2.644,908
HONG KONG	533,100	748,239	215,139
CHINA			
HONG KONG	3.187,186	757,417	- 2.429,769

Fonte: ICEX.

CADRO 6.

Comercio exterior de Galicia con China. Exercicio 1993 (Valor en millóns de pesetas).

PAÍS	IMPORTACIÓNNS	EXPORTACIÓNNS	SALDO
TOTAL	526.459,211	430.387,042	- 96.072,169
LONXANO			
ORIENTE	9.681,397	9.161,363	- 520,034
CHINA	2.565,158	74,683	- 2.490,475
HONG KONG	704,057	460,087	- 243,970
CHINA			
HONG KONG	3.269,215	534,770	- 2.734,445

Fonte: ICEX.

CADRO 7.

Comercio exterior de Galicia con China. Exercicio 1994 (Valor en millóns de pesetas).

PAÍS	IMPORTACIÓNNS	EXPORTACIÓNNS	SALDO
TOTAL	585.526	485.769	- 99.757
LONXANO			
ORIENTE	11.594	14.346	- 2.752
CHINA	4.336	1.048	- 3.288
HONG KONG	871	825	- 46
CHINA			
HONG KONG	5.207	1.873	- 3.334

Fonte: ICEX.

2. En canto ó balance.

Tanto no caso de China como no de Hong Kong o volume das importacións (cadro num. 8) triplicouse no período estudiado. En canto ás exportacións (cadro num. 9), a evolución seguida con China é asombrosa, mentres que con Hong Kong, pese a algúns altibaixos, a recuperación experimentada en 1994 é notable.

CADRO 8.
Evolución das importacións.

PAÍS	1991	1992	1993	1994
CHINA	1.421.911	2.654.086	2.565.158	4.336
HONG KONG	135.612	533.100	704.057	871
CHINA				
HONG KONG	1.557.523	3.187.186	3.269.215	5.207

Fonte: ICEX.

CADRO 9.
Evolución das exportacións.

PAÍS	1991	1992	1993	1994
CHINA	0,609	9,178	74,683	1.048
HONG KONG	255,188	748,239	460,087	825
CHINA				
HONG KONG	255,878	757,417	534,770	1.873

Fonte: ICEX.

O saldo global (cadro num. 10) resulta claramente deficitario para Galicia.

CADRO 10.
Evolución dos saldos.

PAÍS	1991	1992	1993	1994
CHINA	- 1.421,302	- 2.644,908	- 2.490,475	- 3.288
HONG KONG	119,576	215,139	- 243,970	- 46
CHINA				
HONG KONG	- 901,645	- 2.429,769	- 2.734,445	- 3.334

Fonte: ICEX.

3. Os capítulos principais.

Na consulta dos principais capítulos de comercio na base de datos do ICEX pode observarse claramente como tanto no caso de China como no de Hong Kong existe un forte predominio do téxtil nas importacións (capítulos 6201/02/03/04/05). En canto ás exportacións é destacable a escasa contía individual das realizadas a China (nunca superior a 50 millóns) ata que en 1994 se produce o salto en dous capítulos innovadores (8419, 7309). Polo que atinxe a Hong Kong, cómpre sinalar a importancia da pedra (6802) e dos conxelados (0303).

4. Por provincias.

A Coruña lidera a distancia as relacións comerciais que Galicia mantén con China e Hong Kong. Pontevedra manteñese nun discreto segundo plano, mentres Lugo observa unha destacada presencia exportadora (case a terceira parte do total exportado por Galicia en 1994).

Cómpre salientar por último que China reviste para Galicia un gran interese importador, pero tamén debe telo no ámbito dos investimentos para salvagardar a nosa presencia noutros mercados do Lonxano Oriente.

Un caso paradigmático é o das reservas graníticas de China. Unha vez mo-

dernizado este sector, a súa dinamización pode afectar moi seriamente ó volume exportador (máis do 30% da partida 2506 en 1993) que Galicia observa nesta área (Taiwán principalmente e Xapón).

Citas.

- (1) Na denominación Loxano Oriente (LO) incluímos a: Afganistán, Bangla Desh, China, Hong Kong, India, Xapón, Laos, Pakistán, Corea do Norte, Corea do Sur, Sri Lanka, Taiwán e Vietnam.
- (2) Comercio Exterior de Galicia. Informe 1993. Banco Pastor.
- (3) Na denominación PECO incluímos os seguintes Estados: Croacia, Bulgaria, Eslovenia, Eslovaquia, Polonia, República Checa, Hungria, Romania.

NOTA: A fonte utilizada para a elaboración dos cadros estatísticos son os Informes anuais sobre o comercio exterior de Galicia publicados polo Banco Pastor. Os datos referidos a 1994 foron proporcionados polo ICEX.

SUMMARY: The data are presented and a reflexion is made on the trade between Galicia and China from 1991-94. The dynamism of the asiatic markets justifies a greater vigilance of this trade of which China counts for one third, with a tendency to increase, a severe jump in the last year and shows a strong deficit for Galicia. Attention is drawn to the strategic interest of this trade.